

ESCULTURA ROMÁNICA



Contexto socio-cultural.....completar con tema anterior

Caracteres da escultura románica.....apuntes

As portadas de Santiago de Compostela

Portada de Praterías.....apuntes

David de Praterías.....apuntes

Eva de Praterías.....apuntes

Tímpano dereito de Praterías.....apuntes


Tímpano esquerdo de Praterías.....apuntes

- OBRA: Portada de Praterías
- AUTOR: son varios os mestres que traballan nela: **Mestre Praterías** , **Mestre da Traizón** e **Mestre do Año**
- CRONOLOXÍA: primeira metade do XII (1103-1117) é a máis antiga conservada
- ESTILO: escultura románica



- **Santiago de Compostela (este é o contexto co que hai que comezar)**
- Santiago de Compostela xurdiu no século IX como núcleo urbano arredor do sarteiro do apóstolo. O achado, feito polo eremita Paio no século IX) foi usado polos monarcas asturianos para consolidar o seu poder político e serviu para unir a cristiandade fronte ao inimigo común: o Islam.
- Entre os séculos XI e XII, en Galiza ten gran poder a **nobreza eclesiástica** (o arcebispo de Compostela) e Santiago convértese nun centro urbano próspero, no que todo xira arredor das peregrinacións
- Neste contexto **comeza a construción a gran catedral románica** Á QUE PERTENCE A IMAXE A ANALIZAR. Unha catedral románica que hoxe está moi transformada. Comézase en 1075 sobre os restos dunha edificación anterior realizada por Afonso II e destruída por Almanzor. O impulsor foi Diego Peláez e máis tarde Diego Xelmírez (o momento de maior impetu constructivo). Rematase en 1188 e será consagrada no ano 1211
- A tumba e a catedral do apóstolo deron lugar a **aparición de varios camiños de peregrinación** (o máis importante é o francés) que comunicaron España con Europa e que foron vía de intercambios culturais e económicos e así foi posible á difusión do estilo románico, TANTO DA ARQUITECTURA COMO DA ESCULTURA QUE AGORA NOS OCUPA
- O edificio sufrirá moitas modificación no seu exterior sobre todo na época barroca deixando oculta a construción románica. Unha das partes que mellor se conserva e precisamento a PORTADA DE PRATERÍAS que **analizaremos que representa a culminación da escultura románica**






Na Catedral abríronse varias portas pero **tres portas principais**

- Porta de Acibecheira ou norte
- Porta de Praterías ou Meridional
- Pórtico da Gloria ou occidental

Segundo os historiadores as tres portadas da Catedral **tiveron un programa iconográfico que representaría toda a historia de la humanidad: creación, pecado e redención**. Tamén se cre que o programa inicial non chegaría a concretarse completamente






*Portada Norte (Paraíso, actual Azabacería):
conservanse algunhas pezas. o programa
centraríase no Pecado orixinal e no anuncio da
Redención (Adán, Eva, Anunciación...)*

*Portada sur (Praterías): a única que queda
románica. O tema sería a dobre natureza
humana e divina de Cristo. Cristo como home e
Cristo como deus. Aparecen escenas da vida e
Cristo: Paixón, tentacións..*

*Portada occidental: non se chegou a realizar. O
tema xiraba arredor da Transfiguración de
Cristo ou o que é o mesmo a súa Glorificación.*

Aymeric Picaud establecía unha orde na visita de xeito que se

- entraba pola porte Norte, símbolo do frío, da rexión sombría, da ausencia de Deus e do Antigo Testamento.
- Atravesaríase o cruceiro e o deambulatorio para ir a venerar o corpo do Apóstolo e logo ir á portada sur, que simboliza a rexión sur, a da luz, a porta da redención e do Novo Testamento.
- Por último iríase á portada occidental onde se pon o sol, símbolo da fin dos tempos, do Xuízo Final.



Estas portas sufriron diversas modificacións:

- A primitiva Porta norte, do Paraíso, foi substituída no século XVIII pola fachada actual: Acibechería
- Pórtico meridional foi remodelado a raíz do incendio de 1117 e no XVIII no que chegaron esculturas da porta norte: Praterías
- O Pórtico occidental pasou por varias fases



Primeiro proxectouse un pórtico que non e fixo aínda que se tallaron esculturas para el –Transfiguración–

En 1168 o mestre Mateo realiza o Pórtico da Gloria

No século XVIII constrúese diante a Fachada Barroca que destruíu a contraportada e pechaba ao exterior o Pórtico da Gloria.



- Esta escultura caracterízase por:
- 1.- Estar subordinada á arquitectura
- 2.- **Ter unha temática relixiosa:** arredor da salvación da alma, remarcando o medo á condenación ou a necesidade do arrepentemento. Usan escenas do Antigo e do Novo Testamento, vidas de santos, animais monstruosos ou o Xuízo Final

A escultura quedara desconectada da tradición clásica, os precedentes cos que conta son tan só as mostras prerrománicas, de pequeno formato, e as herdanzas bizantinas, de onde ven o hieratismo e a disposición xerárquica, e paleocristiáns de onde retomará a figura humana.
















- 3.- Contar cunha función didáctica para facer chegar aos fieis a mensaxe relixiosa, aínda que tamén ornamental
-
- 4.- e nela predomina o relevo con pouca presenza da escultura de vulto redondo.
-





Función didáctica (“catecismo pétreo”)
Duda de Santo Tomás
Santo Domingo de Silos





-
- 5.- Ademais de todo o anterior teremos:
-
- **Ausencia do naturalismo: hieratismo, rixidez, repetición de tipos**
- **Xerarquía na representación:** a figura máis importante de maior tamaño e ubicadas en lugares máis visibles
- **Estética do feo:** formas toscas, deformadas, esaxeradas...non queren gustr senón ensinar



Escultura románica

Para o espectador medieval as imaxes empregadas non pretenden representar as cousas como son ; o **importante é a esencia** das cousas.



Observando as imaxes non se ten porque ver o parecido coa realidade senón que **se ten que apreciar a presenza do divino ou do pecado, do ben ou do mal.**




A temática máis usual:

- *textos bíblicos canónicos e apócrifos,*
- *comentarios apoloxéticos,*
- *relatos haxiográficos e do bestiario*



- Cristo
- A Virxe
- Santos
- Escenas do Novo e Antigo Testamento
- Pantocrátor co Tetramorfos
- No XII a imaxe máis humana de Cristo coas chagas da paixón



Claseshistoria

Cristo en
Majestad

Tetramorfos

Olas del
Mar de cristal

Ancianos
músicos

Círculos
De fuego




Tímpano. Visión Apocalipsis
San Pedro in Moissacc



San Climent de Tahull

Hai unha escultura exenta na que se tratan dous temas:

- Virxe sedente co neno
- Cristo crucificado






O lugar onde vai colocada a escultura románica en xeral é nos **capiteis e nas portadas**.

Na portadas existen lugares específicos para a colocación da escultura:

- **Arquivoltas:** soen levar moldura onde hai decoración xeométrica, vexetal ou ás veces figurativa con 24 anciáns, escenas bíblicas, suplicios do inferno
- **Tímpano:** é o espazo principal. Plano e semicircular permite colocar abundantes figuras. Case sempre está o Pantocrátor e o Tetramorfos, o Xuízo Final, escenas narrativas da vida de Cristo
- **Parteluz ou Mainel:** soe estar decorado con estatuas adosadas de Cristo, a Virxe, santos..
- **Xambas:** ás veces decoradas con estatuas




San Pedro de Moissac




Portada San Pedro in Moissac

en canzorros pode haber monstros, seres diabólicos, vicios e pecados...e por todas partes símbolos de redención como vides, pámpanos, trigo, aves, o Agnus Dei.... que fan referencia a función salvadora de Cristo



En xeral a escultura románica é xeométrica, estática e de escasa calidade técnica.

A medida que pasa o tempo e grazas aos intercambios culturais –obradoiros itinerantes- fóronse perfeccionando as técnicas, mellorando as proporcións, o movementos, etc.




As representación afástanse do naturalismo e ata o pregamentos adoitan ter diversas formas xeométricas como en zigzag ou paralelos.



As composicións soen ser simétricas e están condicionadas por dúas leis:

1.-A lei de **adaptación ao marco**: no que as figuras cinguense á forma do marco; se é cadrado son achaparradas, se é curvado, déitanse.

2.-Lei de **adaptación á función**: as representacións escultóricas supeditanse ás funcións dos elementos arquitectónicos no que están. Sí é capitel aparecen atlantes, si é columna aparece



IMOS CONCRETAR







Como se estructura???



Dobre arquería
Abucinada, arcos
lobulados

friso

Dobre arcada, abucinada
E con xambas diversos materias
Fustes lisos e helicoidais



Material granítico

É unha portada na que a decoración presenta unha aparencia **desordenada, caótica**, xa que nela figuran as esculturas orixinais máis as engadidas da Portada Norte tralo incendio e revoltas do 1117 así como as das posteriores remodelacións.



Os relevos están en placas de distintos tamaños e grosor e sitúanse en: tímpanos, xambas, friso, contrafortes

tema

É a **Redención e a Natureza Humana e Divina de Cristo.**

Aparecen escenas diversas que fan alusión a vida e Paixón de Cristo.



- Tímpano dereito: onde hai un claro caracter **narrativo**, aparecen a **Epifanía** (representa a divindade de Cristo) e debaixo escenas da Paixón (**Prendemento**, **Flaxelación**, **Coroación**, **Curación do cego**,



Epifanía



Curación do
cego

- esta última amosa o poder de obrar milagres de Cristo ao ser divino)


Coroación

Flaxelación

Prendemento

Tentacións de Cristo

Eva con caaveira



- Tímpano esquerdo:

Eva coa caveira no colo e as Tentacións de Cristo no deserto, con Cristo rodeado de anxos que portan incensarios e diaños. A natureza divina está expresada nos anxos que o serven. Aymeric identifica a Eva coa caveira no colo coa muller adúltera.





Iconografía da portada de Praterías, centrado na natureza humana e mesiánica de Cristo

* *Tímpano esquerdo (triumfo de Cristo sobre o pecado e a morte):*


- 1.- Cristo, tentado polos demos, dialoga cunha serpe enroscada nunha árbore.
- 2.- Mozo montando a un león (engadido posterior).
- 3.- Eva co cranio (engadido posterior, obra do Mestre Estevo).

* *Tímpano dereito (dobre natureza de Cristo):*

- 4.- Epifanía, coa Virxe e o Neno (natureza humana de Cristo). Autor: mestre da Traizón.
- 5.- A curación do cego (que recibe a luz divina nos seus ollos).
- 6.- Coroación de espiñas (escena da Paixón). Autor: mestre da Traizón.
- 7.- Cristo azoutado e atado na columna (escena da Paixón).
- 8.- O Cireneo portando a cruz de Cristo (escena da Paixón).
- 9.- A traizón de Xudas (escena da Paixón). Autor: mestre da Traizón.







friso


Tímpano dereito

Tímpano esquerdo






Santiago entre cipreses




Expulsión do paraíso



centauro

Mateo da porta norte



Beau Dieu

Coro mateano

Serea da porta

Abraham e xove con cornos da Porta da Transfiguración




Portada de Praterías . Análise

- **Friso e laterais:**

As figuras de Santiago entre cipreses, o endemoniado e Abraham pertencían ao proxecto da primitiva portada occidental

aparecen figuras pertencentes a Portada Norte como a **Creación de Adan**, a **Expulsión do Paraíso**, o **centauro**, o **David** e outras que irían destinada á porta oeste.



Na parte inferior a figura de **Abraham** e un *xove con cornos* que podería representar un xove endemoniado que curou Cristo cando baixou do monte Tabor ou, para outros, representa a Moisés.

Pantocrátor

Creación de Adán

Rei David





Que ten de románica? Estos exemplos son obras de diferentes autores e momentos pero

que se axustan perfectamente as características que definen a escultura románica:

- É unha Temática **relixiosa** e ten unha finalidade claramente didáctica
- Está **integración coa arquitectura** e as súas formas nacen desta fusión
- **Deformación** froito da lei do marco
- Representación **simbólicas** comprensibles para os fieis
- **Antinaturalismo**
- Ubicación na portada (timpanos e friso)
- o importante non é a aparencia senon a esencia do representado e a súa mensaxe: **a presenza do divino e a presenza do mal**


Na portada de Praterías aínda que incluída dentro da escultura románica **ESTAMOS A FALAR xa dun románico avanzado.**

mestres

Mestre de Praterías

Mestre da Traizón


Mestre do Año





Mestre de Praterías : O de maior calidade.

- ✓ **figuras vigorosas**
- ✓ Os rostros **beizos grosos, os ollos avultados e as fazulas inchadas** tratamento do cabelo, con **guedellas soltas**
- ✓ Pernas en aspa
- ✓ **anatomía coidada, e dicir con detalles** (tibias, nocellos, pulsos) que se amosan a través da roupa
- ✓ son típicos os **pregues en curvas paralelas en forma de U** que proporcionan efectos de claroescuro.



Todo isto dá as figuras gran expresividade

Portada de Praterías .



2.-Mestre da Traizón: Recibe influxos do anterior.

- ✓ é un autor de **estilo narrativo**
- ✓ con tendencia ao **vulto redondo**
- ✓ máis característico del son as **caras con ollos incrustados** (pupilas escavada, con bigotes cara arriba...
- ✓ destaca tamén no xeito de poñer o brazo por diante do corpo nun intento de gañar o espazo. e a representar os **panos cilíndricos**.



Obras: expulsión do paraíso, tres apóstolos da parte superior esquerda do friso, **tímpano dereito de Praterías, prendemento**

Portada de Praterías .

3.- Mestre do Año (do Cordeiro)

Denomínase así porque traballou na Porta do Cordeiro ou año de San Isidoro de León.

✓ as súas anatomías son **monótonas**

✓ e os pregados pouco elegantes os **rostros inexpresivos** a pesar de ter os ollos avultados e os beizos grosos.

✓ Son figuras con aspecto **moi pulido**, moi xeométricas

Parécense aos do mestre Estevo pero como se lles faltara á vida.

Obras: Xesucristo en maxestade do contraforte oeste que antes estaba na fachada norte, creación de Eva do contraforte dereito...



Outros mestres:

4º.-Mestre de Conques: ou das tentacións

Obra:Flaxelación, Coroación de espiñas canon curto, pelo curto, pes de lado e con botíns

5º.-Quinto Mestre: mestre da Transfiguración





Conclusión

Polo tanto o Pórtico é un exemplo claro da calidade escultórica que se chegou a acadar en compostela durante o Románico e das diferentes influencias que a ela chegaron. Calidade que aínda hoxe podemos admirar nesta porta románica

detalles

- OBRA: David de Prateiras. O rei David músico
- AUTOR: mestre de Praterías
- CRONOLOXIA: século XII
- ESTILO: escultura románica
- UBICACIÓN: contraforte esquerdo da fachada de Praterías e orixinariramente na Portada Norte



- Esta escultura está situada no lateral esquerdo da Portada de Praterías
- Procede da Norte

- Está feito en granito e é un relevo que sobresaie bastante con respecto ao fondo



Composición

É unha figura serena e altiva.

Vemos o corpo en posición frontal mentres a cabeza xira cara da dereita de xeito que apreciamos o seu perfil.

Os cabelos son longos e caen sobre ombreiros en bucles soltos.

A barba coidada en pequenos rizos.

As pernas cruzadas e os pés están pisando un león,

A talla é profunda nos pregues do centro e máis superficial no brazo e perna do lateral esquerdo..



Conclusión
a obra **David asenta o seu poder sobre o dominio do Mal coma Cristo.**, polo tanto **unha prefiguración de Cristo.**

A obra é un exemplo do bo facer do mestre de Praterías **cunha calidade que sobresaee entre o conxunto escultórico da Portada**



A súa representación está relacionada co feito de ser unha **Prefiguración de Cristo** e aparece como músico e como dominador do Mal. Isto explica que apareza aplastando cos pés a unha especie de león alado e coas patas do trono onde senta, en forma de garras de animal, aplasta dúas cabezas de oso.

Aparece como salmista real en alusión ás dotes musicais do autor dos Salmos, e dominador do mal a través da música.



A continuación

Autores: recalcando a importancia do autor coas características

Porque é románica

Logo o que queira de Praterías e do contexto

- OBRA: Eva con caveira
- AUTOR: Mestre Praterias
- CRONOLOXÍA: século XII
- ESTILO: escultura románica
- UBICACIÓN: tímpano esquerdo de Praterías. Hai que poñela en relación as figuras que están no tímpano.





Portada de Praterías. Análise

- Esta figura atópase no tímpano esquerdo de Praterías.
-
- Está feito en granito sobre placa rectangular
-

Como é?

- A figura está sentada en posición frontal
- nunha cadeira que remata en garras de león e cabezas de león na parte de arriba.
- Está semiespida e os panos pregados deixannos adiviñar a súa poderosa anatomía
- Rostro vigoroso;
- o peiteado resólvese con guedellas soltas de aspecto desordenado

O rostro
Expresivo e característico do
autor



Que representa?

1.-Interpretouse como a muller adúltera

Interpretouse como unha figura feminina que sostén nas mans a cabeza putrefacta do amante arrincada polo esposo que obríga a bicala dúas veces ao día. Esta é unha das interpretacións: a muller adúltera.

2.-Actualmente vese nela a figura de Eva sostendo á Morte da que é causante xa que ela é enxendadora de seres mortais.

Eva é a contraposición á figura da Virxe quen a través do seu Fillo é enxendadora de Vida.

Eva é pois **simboliza o pecado e a morte**; María o perdón e a vida. A figura de Eva ten polo tanto unha **función moralizante**

É unha mostra clara dunha escultura avanzada e de calidade técnica no conxunto de Praterías.


A continuación

Autores: recalcando a importancia do autor coas características

Porque é románica

Logo o que queira de Praterías e do contexto

- OBRA: Tímpano dereito de Praterías
- AUTOR: Mestre da Traizón e Conques
- CRONOLOXIA: século XII
- ESTILO: escultura románica
- UBICACIÓN: portada dereita de Praterías



Epifanía



Curación do cego

Coroación

Flaxelación

Prendemento

Existe a possibilidade de que pregunten esta obra.

Hai que describir todo o que se representa

Hai que sinalar que:

- Tamén que é unha escultura en pedra ,relevos en placas
- é un relevo de carácter narrativo e que está en relación a Natureza humana e divina de Cristo, xa que é a portada sur.
- que existe unha adaptación ao marco que se ve ben na parte superior
- É que é unha escultura didáctica.



A continuación:

Autores: falar do autor máis importante que é o mestre da Traizón coas súas características e tamén do cuarto mestre.

Porque é románica

Logo o que queiras de Praterías e do contexto

OBRA: Tímpano esquerdo de Praterías

AUTOR: Mestre das Tentacións e de Praterías (Eva)

CRONOLOXIA: século XII

ESTILO: escultura románica

UBICACIÓN: portada esquerda de Praterías



Hai que describir todo o que se representa primeiro e logo:

O tema
Tentacións de Cristo no deserto.

Como
Aparece no lado esquerdo rodeado de anxos con incensarios e cos demos que están a tentalo pedíndolle que converta as pedras en pan para demostrar que realmente é o fillo de Deus

No medio aparece unha árbore con serpe e mazá, símbolo da Tentación: Cristo vence a proba e non cae na tentación como fixera Adán e Eva


A escena está organizada de xeito que nun lado está o ben e noutro o mal: a imaxe amable para o ben, a imaxe deforme para o mal (caso dos demos animalizados) que se burlan do deus

Cal é a mensaxe didáctica do tímpano????: **a vitoria de Cristo sobre o pecado e a morte**

Cómpre sinalar que aquí tamén se atopa a imaxe do **mozo cabalgando a un león e Eva con cranio.**

Non pertencían a esta portada e son obra de outro autor






Timpano esquerdo: Tamén a natureza humana e divina de Cristo. Aparece Eva con túnica transparente, despeiteada e coa caaveira no colo e á esquerda Cristo rodeado de demos que o tentan e de anxos bos con incensarios que o protexen



Nesta outra escena (placa) Cristo diante de árbore con serpe. Cristo vence ás tentación coa palabra. Na parte superior anxo igual que detrás que se achegaron en canto Cristo supera ás tentacións.



Demonios con cara de monos (como homes) e alas. Caras deformes como representación do mal (feo) . O de arriba está sobre un edificio tentando a Cristo e o de abaixo apoiado sobre unhas pedras que Cristo debe converter en pan



Outros dos demos teñen o aspecto de homes pero animalizados tamén con caras de cans e patas con garras e os ventres hinchados. Feos e deformes

A continuación:

Autores: recalcando a importancia do autor coas características (tentacións e praterias)

Porque é románica

Logo o que queiras de Praterías e do contexto


Que figuras quedan no pórtico de praterías

Personaxes embutidos nos fustes das columnas
Os leóns que protexen a entrada baixó o crismón

Recorda o xove con cornos (Moisés) ou o xove endemoniado

Abraham saíndo do sepulcro para seguir a Deus

Ooutros personaxes relacionados coa Transfiguración é como un recoñecemento da divinidad de Cristo (a través da luz que irradia). Recorda que era o proxecto para a porta oeste antes da que fixo Mateo





A continuación:

*Autores: recalcando a importancia do autor
coas características*

Porque é románica

Logo o que queiras de Praterías e do contexto

Resumo

A fachada consta de dúas portas de dobre folla, abucinadas pola superposición das arquivoltas, alinteladas e con tímpanos semicirculares. Apóstolos ós lados de cada porta como gardiáns das mesmas. Segue un friso, a cornixa sobre canzorros, dous vanos con arcos lobulados de influencia musulmana e arquivoltas (a terceira foi alterada ó construírse o claustro) que abren á tribuna. Remata cunha balaustrada moi posterior

Os relevos, en placas de dimensión e grosor variado, concéntranse nos tímpanos e no friso pero tamén aparece nas columnas, nas xambas, nos contrafortes e nos muros. O conxunto resulta totalmente incoherente e desordeado pois moitas das esculturas foron aquí traídas desde a antiga portada da Acibachería (Porta do Paraíso) ao se reformar no s. XVII, desde a primitiva portada occidental e do coro pétreo do mestre Mateo. Incluso as formas non se adaptan á forma semicircular dos tímpanos.

Non conta cunha autoría única, pola contra resulta da suma artistas (mestre do Cordeiro, mestre da Traizón e o denominado das Praterías) e temas diferentes dentro dun conxunto iconográfico común: a Redención, con escenas alusivas á dobre natureza de Cristo (humana e divina), e o seu triunfo sobre o pecado e a morte.

O tímpano da dereita alude á natureza humana de Cristo: na parte superior o Nacemento, o Anuncio ós Pastores, a Adoración dos Magos; no rexistro inferior, temas da Paixón: o Prendemento, Xesús atada á columna, Flaxelación, Coroación de espiñas, Erección da Cruz, presentación ante Pilatos.

O tímpano da esquerda resalta a natureza divina de Cristo presentada pola súa vitoria sobre o pecado (as Tentacións, a muller adúltera)

No friso e nas xambas, as áreas nas que se da a maior desorde, mestúranse pezas de distintas procedencias e temáticas: a Tranfiguración, Cristo e os Apóstolos, escenas do Xéneses (creación de Adán e Eva, expulsión do Paraíso), o rei David tocando un instrumento musical, sentado e coas pernas cruzadas nunha postura singular que rompe a frontalidade e conquista o espacio reservado para o espectador.